

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
Rede de Escolas de Arte e Superiores de Deseño de Galicia

Guía docente

Título superior de deseño

Especialidade: Deseño Gráfico

Disciplina: Prácticas externas

Índice

1	Identificación e contextualización.....	3
2	Descrición da disciplina.....	3
	2.1. Descritores.....	3
	2.2. Relación con outras disciplinas de contidos progresivos.....	3
	2.3. Interese da disciplina para a consecución dos obxectivos da titulación.....	4
	2.4. Metodoloxía.....	4
3	Obxectivos.....	4
4	Competencias que se desenvolven na disciplina.....	4
	4.1. Competencias transversais	4
	4.2. Competencias xerais	5
	4.3. Competencias específicas da titulación.....	5
5	Organización dos contidos.....	5
	5.1. Contidos.....	5
	5.2. Organización.....	5
6	Procedemento de avaliación.....	6



1 Identificación e contextualización

Datos da disciplina					
Escolas	EASD Ramón Falcón LUGO ; EASD Antonio Faílde OURENSE ; EASD Pablo Picasso A CORUÑA				
Web escolas	http://escoladeartelugo.com/gl/ ; http://www.escolarte.com/es ; http://www.eapicasso.com/				
Mail escolas	escola.arte.ramon.falcon@edu.xunta.es info@escolarte.com escola.arte.pablo.picasso@edu.xunta.es				
Materia	Xestión do deseño gráfico				
Disciplina	Prácticas externas				
Carácter	Obrigatoria da especialidade (O.E.)	Tipo	Práctica (P.)	Duración	Cuadrimestral (300 h.)
Curso	4º			Créditos ECTS	12
Horas presenciais	250 horas no centro de traballo				
Horas de traballo non presencial	38				
Horas de titoría	12				

2 Descrición da disciplina

2.1. Descritores

- Aplicación e complementación das competencias profesionais adquiridas no centro educativo

2.2. Relación con outras disciplinas de contidos progresivos

Esta disciplina non ten relación con outras de contido progresivo.

A avaliación e cualificación das PE requerirá ter aprobada a totalidade das disciplinas que integran o correspondente plan de estudos. Excepcionalmente, o/a xefe/a de estudos do centro poderá autorizar a realización das PE ao alumnado con disciplinas pendentes, sempre que a suma dos créditos asociados a estas non sexa superior a 18.

2.3. Interese da disciplina para a consecución dos obxectivos da titulación

Esta disciplina achega ao alumno/a ao entorno produtivo no que vai traballar cando remate os seus estudos. Prepara ao estudante para o exercicio de actividades profesionais, facilita a súa empregabilidade e fomenta a súa capacidade de emprendemento. As prácticas realízanse en empresas, institucións, estudos ou talleres en que a actividade principal se desenvolva no ámbito profesional da especialidade de deseño gráfico, en tarefas directamente relacionadas coas competencias específicas acadadas polo alumno ao longo dos seus estudos.

2.4. Metodoloxía

As PE serán organizadas, supervisadas e cualificadas segundo o disposto no artigo 12.4 do Decreto 61/2011 do 24 de marzo, polo que se establece o regulamento orgánico das Escolas de Arte e Superiores de Deseño da Comunidade Autónoma de Galicia.

3 Obxectivos

Acadar as competencias transversais, xerais e específicas da titulación durante o desenvolvemento da disciplina.

4 Competencias que se desenvolven na disciplina

4.1. Competencias transversais

T1. Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.

T2. Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.

T3. Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.

T4. Utilizar eficientemente as tecnoloxías da información e da comunicación.

T7. Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.

T10. Liderar e xestionar grupos de traballo.

4.2. Competencias xerais

X5. Actuar como mediadores/as entre a tecnoloxía e a arte, as ideas e os fins, a cultura e o comercio.

X13. Coñecer o contexto económico, social e cultural en que ten lugar o deseño.

X20. Comprender o comportamento dos elementos que interveñen no proceso comunicativo, dominar os recursos tecnolóxicos da comunicación e valorar a súa influencia nos procesos e produtos do deseño.

X22. Analizar, avaliar e verificar a viabilidade produtiva dos proxectos, desde criterios de innovación, xestión empresarial e demandas de mercado.

4.3. Competencias específicas da titulación

EG13. Coñecer o contexto económico, social, cultural e histórico en que se desenvolve o deseño gráfico.

EG14. Comprender o marco legal e regulamentario que regula a actividade profesional, a seguridade e saúde laboral e a propiedade intelectual e industrial.


EG15. Reflexionar sobre a influencia social positiva do deseño, valorar a súa incidencia na mellora da calidade de vida e do ambiente e a súa capacidade para xerar identidade, innovación e calidade na produción..

5 Organización dos contidos

5.1. Contidos

- Aplicación e complementación das competencias profesionais adquiridas no centro educativo.

5.2. Organización



6 Procedemento de avaliación

As PE serán avaliadas e cualificadas polo/a titor/a correspondente, segundo o establecido no artigo 37 do citado Decreto 61/2011, e tendo en conta o informe individualizado sobre cada alumno/a redactado polo/a responsable da empresa, institución, estudo ou taller no que o/a alumno/a teña realizadas as PE.